

Concello de Viveiro

DECRETO DA ALCALDÍA, SOBRE A CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL, CON CARÁCTER TEMPORAL, PARA PRESTAR SERVIZOS NO CONCELLO DE VIVEIRO A TRAVÉS DO PROGRAMA DE FOMENTO DE EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL) NO CONCELLO DE VIVEIRO, AO AMPARO DA RESOLUCIÓN DO 19/05/2025 POLA QUE SE LLE CONCEDEN AO CONCELLO DE VIVEIRO UNHA PRAZA DE OFICIAL FORESTAL PARA O ANO 2025.

Vistas as Bases Xerais e anexo para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro a través dos programas da Xunta de Galicia de fomento de emprego no medio rural (APROL RURAL).

Vistas as Bases Específicas polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro a través dos programas da Xunta de Galicia de fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL), ao amparo da Resolución do 19/05/2025 pola que se lle conceden ao Concello de Viveiro unha praza de oficial forestal.

Son obxecto da presente convocatoria a selección de persoal laboral temporal mediante a modalidade de contrato laboral é carácter temporal coa cláusula específica de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego, a xornada completa cunha duración de nove meses, mediante o sistema de concurso, segundo as bases xerais polas que se establecen as normas para a selección do persoal mediante a contratación temporal ao amparo da ORDE do 5 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025, para a contratación de un traballador non incluído no cadro de persoal do Concello para o ano 2025.

Visto o art. 11 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) polo que se establece que *“é persoal laboral o que en virtude de contrato de traballo formalizado por escrito, en calquera das modalidades de contratación de persoal previstas na lexislación laboral, presta servizos retribuídos polas Administracións Públicas. En función da duración do contrato este poderá ser fixo, por tempo indefinido ou temporal”*.

Visto o artigo 55.1 do TREBEP que sinala que *“todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico”*.

Visto o artigo 55.2 do TREBEP que preceptúa que *“as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:*

- a) *Publicade das convocatorias e das súas bases.*
- b) *Transparencia.*
- c) *Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.*
- d) *Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.*
- e) *Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.*
- f) *Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”*

Visto o artigo 61.1 do TREBEP que dispón que *“os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrência, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas neste Estatuto”*.

Visto o artigo 57 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, referentes aos sistemas aplicables á selección de persoal funcionario de carreira e persoal laboral fixo.

Visto o artigo 35.1 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado,



Concello de Viveiro

establece que “[...] *poderán proceder á contratación de persoal laboral non permanente para a realización de traballos que non poidan ser atendidos por persoal laboral fixo, [...].* Os ditos contratos celebraranse conforme aos principios de mérito e capacidade, e axustándose ás normas de xeral aplicación na contratación deste tipo de persoal laboral e de acordo cos criterios de selección que se determinen [...]”.

Tendo en conta o informe de data 30 de maio de 2025 do Responsable do Departamento de Persoal deste Concello, que consta neste expediente.

Tendo en conta a resolución recibida neste Concello de concesión da subvención en data 19 de maio de 2025, pola que se otorga a subvención para a contratación de 1 Oficial Forestal, este Concello contará con consignación orzamentaria para o presente proceso selectivo. Consta informe de Intervención sobre a existencia de consignación orzamentaria, así como informe de fiscalización.

Tendo en conta que a contratación de persoal en base a Resolución referida se realiza para cubrir servizos prioritarios do Concello co obxectivo de acadar un funcionamento eficaz dos servizos prioritarios en cuestión, e con fundamento en criterios de economía e eficacia, constátase a necesidade urxente e inaprazable de convocar o posto que a continuación se relaciona, para cubrir mediante a modalidade de contrato temporal vinculado a programas de políticas activas de emprego, o seguinte posto:

Nº EMPREGOS	DENOMINACIÓN	XORNADA	RELACIÓN LAB.
1	OFICIAL	100%	Contrato temporal (modalidade contrato temporal vinculado a programas de políticas activas de emprego).

Con fundamento no exposto con anterioridade e en uso das atribucións que me confire o e o artigo 21.1.g da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Convocar o proceso selectivo, mediante o sistema de concurso de méritos, de carácter aberto.

SEGUNDO.- Aprobar as bases xerais, e o seu anexo, que rexerán os procesos selectivos para o ingreso, con carácter temporal, no posto de traballo laboral do Concello de Viveiro, para prestar servizos mediante a modalidade de contrato temporal vinculado a programas de políticas activas de emprego.

TERCEIRO.- Aprobar as bases específicas que rexerán o proceso selectivo, mediante o sistema libre de concurso de valoración de méritos para o ingreso, con carácter temporal, do posto de traballo denominado: 1 OFICIAL (réxime xurídico: laboral, mediante a modalidade de contrato temporal vinculado a programas de políticas activas de emprego).

CUARTO.- Ordenar a publicación da presente convocatoria, bases e anexo na páxina web do Concello (www.viveiro.es) e no taboleiro de anuncios dixital.

QUINTA.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Persoal para o seu coñecemento e efectos.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe.

A Alcaldesa,

Ante mín, A secretaria Xeral, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018

Asdo. María Carmen Gueimunde González

Asdo. María Luz Balsa Rábade

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

